



ORIENTACIÓN

PROBA INTERZONAL DEPORTE ESCOLAR

PARQUE A CACHADA | BOIRO



ORGANIZA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

COLABORAN



MÉRCORES | 04 ABRIL | 09:30 AM

BOLETÍN 1

INFORMACIÓN BÁSICA DA PROBA


1. ORGANIZACIÓN.

A proba está organizada polo Servizo Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte. Colaboran co desenvolvemento técnico da mesma o Concello de Boiro, a Federación Galega de Orientación (FEGADO), a A.D. Escolar As Rias e o club ADC ARNELA.

2. DATOS DO MAPA.

Elaborouse un mapa novo para este evento. A Zona cartografiada correspóndese co Parque da Cachada, no núcleo urbano da vila. Trátase dun mapa cunhas condicións ideais para a iniciación (pequena extensión, sen tráfico rodado, cun valado perimetral e con boa densidade de elementos básicos para o nivel de iniciación neste deporte).

O mapa do parque da Cachada ten unha extensión de 0,04 km². Trátase dun entorno propicio para as actividades de orientación e nel combínanse zonas abertas con espazos arbolados, que permitirán expoñer ós participantes a diferentes retos. Existen ademais, camiños e sendas que recorren o parque que servirán de axuda nas tomas de decisións dos orientadores/as. Hai que destacar tamén a existencia de numerosos elementos singulares que servirán de claras referencias para a relocalización daqueles/as que nalgún momento se desorienten. O parque ten un valado perimetral polo que a seguridade, sobre todo no alumnado con menor nivel de experiencia, está garantida.



MAPA: Parque da Cachada
DATA CREACIÓN: Marzo 2018

ESCALA: 1:1500
EQUIDISTANCIA: 2,5 m


3. ZONA DE CONCENTRACIÓN E ACCESOS.

A zona de concentración, Secretaría, Saídas e Meta queda establecida no edificio da Casa de Cultura Ramón Martínez López, dentro do mesmo parque. Os centros que vaian chegando ó parque deben concentrarse nesa zona. O acceso ideal é polas escaleiras principais que levan á Casa da Cultura, na Avenida da Constitución, evitando na medida do posible entrar por outras portas. As balizas estarán colocadas antes de que cheguen os/as participantes polo que, para respectar o xogo limpo, queda prohibido moverse polo parque, agás a zona de concentración antes sinalada.

Os autobuses poden deixar ós nenos nas inmediacións do parque e, os responsables dos mesmos, conducirán ós nenos e nenas ata a zona de concentración, velando polo cumprimento da norma de acceso antes descrita.

Os autobuses poden aparcar na zona Sur do mapa, na Rúa María Mariño, na que hai moito espazo que adoita estar baleiro.

Cando remate a proba, esa pode ser tamén a zona de recollida dos nenos, non tendo que cruzar en ningún momento a estrada.



4. CATEGORÍAS E PERCORRIDOS.

Establécense 4 categorías:

- INFANTIL MASCULINO (anos 2004-2005)
- INFANTIL FEMININO (anos 2004-2005)
- CADETE MASCULINO (anos 2003-2004)
- CADETE FEMININO (anos 2003-2004)

Cada unha das categorías contará cun percorrido específico. Ademais, e para evitar a alta concentración de orientadores/as nos distintos controis, dada a alta participación que se espera, preparáronse percorridos en bucle, polo que, cada percorrido, aínda tendo os mesmos controis, poderá ter orde de balizas diferentes. É

importante que os participantes comproben perfectamente o código da súa baliza antes de picala, para evitar erros en tarxeta.

5. CRONOGRAMA DA PROBA.

- >> 09:30 .- Apertura secretaría (entrega de tarxetas electrónicas ós responsables de cada centro).
- >> 10:15 .- Saída dos primeiros corredores.
- >> 13:00 .- Peche de meta.
- >> 13.30 .- Entrega de trofeos.

6. SISTEMA DE CRONOMETRAXE.

Utilizaremos o sistema SportIdent. Este sistema consta dun dispositivo persoal en forma de pinza ou tarxeta que cada corredor debe levar ao longo da súa carreira e unha serie de "bases", que van a estar colocadas en cada baliza. O sistema é moi fácil de usar. O corredor sae coa súa pinza/tarxeta e, cando chegue á baliza, colocará o seu dispositivo en contacto coa base. Esta emitirá un pitido cando grabe os datos na pinza do corredor e este xa pode continuar coa súa carreira. Unha vez que finalice a proba, cada corredor debe descargar o seu dispositivo nunha estación especial de descarga, e imprimiráselle un papel cos seus tempos totais e parciais de baliza a baliza.

Este sistema facilita o tratamento dos datos e impide tamén que se cometan "despistes" na visita ás balizas, xa que graba a orde na que estas foron picadas. Neste sentido, consideramos esencial recordarlle ós nenos a OBRIGA de picar os puntos na orde marcada no mapa. De non ser así, obterase un ERROR EN TARXETA nos resultados. Na zona de saída, haberá dispostas dúas bases SportIdent, que

os/as participantes debe utilizar para "LIMPAR" e "COMPROBAR" a súa tarxeta ou pinza. Limpar serve para eliminar os datos que conteña a pinza/tarxeta de outras probas e Comprobar utilízase para checar que o dispositivo funciona correctamente. É responsabilidade do corredor facer esta limpeza e comprobación ao comezo de cada proba.

7. DESENVOLVEMENTO DA PROBA.

- a) Establecerase un horario de saída, de forma que cada participante sairá a unha hora predeterminada. Estes horarios serán publicados na web da **FEGADO** e enviados ós centros participantes. As saídas nas probas de orientación a pé son individuais (tipo contrarreloxo), e dicir, a cada participante contrólase o tempo invertido na proba segundo a súa hora de saída e a hora de chegada a meta. A hora de saída asignada a cada participante será válida, aínda que o participante a tome con retraso.
- b) A carreira comezará na Casa de Cultura e desenvolverase integramente dentro do parque da Cachada.
- c) Unha vez que cada participante remate a súa proba, non pode volver a entrar no parque ata que tódolos seus compañeiros/as rematen a proba. O/A orientador/a que remate, deberá descargar a súa tarxeta na zona de descargas. Tódolos participantes están obrigados a descargar a súa tarxeta electrónica (aínda que abandonen a proba) para que a organización poida controlar se queda algún participante no terreo.
- d) A orden de picado das balizas ten que respectarse segundo as indicacións do mapa. doutro xeito o resultado será **ERRO EN TARXETA**. Si por erro se pica unha baliza que non corresponde, pódese

enmendar ese erro. Si por exemplo temos que picar 1,2,3,4,5... e facemos 1,2,5.. podemos rectificar, volvendo á baliza 2 e picar de novo para seguir en orden ata o final (META = dobre círculo)

8. CLASIFICACIÓNS.

> INDIVIDUAL

- Habrá clasificacións INFANTIL e CADETE, masculina e feminina.
- Premiarase ás tres primeiras orientadoras infantís e ás tres primeiras orientadoras cadetes.
- Premiarase ós tres primeiros orientadores infantís e ós tres primeiros orientadores cadetes.

> POR CENTROS ESCOLARES

Tamén habrá unha clasificación por centros escolares, que se tomará a partir de 8 puntuacións (2 infantís masculinas, 2 infantís femininas, 2 cadetes masculinas e 2 cadetes femininas). Otórgase un punto ó primeiro clasificado, dous ó segundo, tres ó terceiro, e así sucesivamente; gaña o centro que menos puntos obteña na suma das devanditas 8 puntuacións. Esta clasificación comunícase, na medida do posible, o mesmo día da competición.

> CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO PROVINCIAL

Clasifícanse para o Campionato Provincial, que se disputará en Aca da Ma (Culleredo-A Coruña), o mércores 11 de Abril, os 40 primeir@s clasificad@s de cada categoría, tanto feminina como masculina.